

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

RESOLUCIÓN do 30 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT402D).

A Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), no artigo 3.1 determina que a Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables. O artigo 5.1 da Lei 4/2008 establece que unha das funcións da Agadic é a de promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados, e o artigo 5.2 establece que a Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, conceder subvencións.

A través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega, a Agadic ten como obxectivo consolidar o tecido industrial cultural galego e convertelo nun tecido empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomentando a creación, a demanda e a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, aumentando o peso relativo do sector no sistema produtivo galego.

Con esta convocatoria de axudas, a Axencia Galega das Industrias Culturais quere cumprir co establecido no artigo 5 da Lei 4/2008:

«En consonancia cos seus obxectivos e fins, a Agadic exercerá as seguintes funcións:

...

c) Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra no noso país, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais.

f) Fomentar a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte dos axentes culturais, en especial o impulso de centros que faciliten o acceso á cultura á cidadanía».



Por todo isto, en consonancia cos obxectivos inmediatos desta axencia,

RESOLVO:

Primeira. Convocatoria e bases reguladoras

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada e convocalas para o ano 2024 (código de procedemento CT402D).

2. Estas axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites do artigo 3 do Regulamento (UE) 1470/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*. O importe total das axudas *de minimis* concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Segunda. Persoa beneficiarias

Poden obter a condición de beneficiarias das subvencións as persoas físicas (autónomas) e persoas xurídicas privadas xestoras de salas de artes escénicas, con domicilio ou sucursal en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea ou asociado ao Espazo Económico Europeo, sempre que cumpran o exigido na base segunda das bases reguladoras (anexo I).

Terceira. Solicitudes

1. Para poder ser persoa beneficiaria das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican na base sétima, así como cumprir cos requisitos establecidos na base segunda, e será cualificado conforme os criterios establecidos na base décimo segunda.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.



Cuarta. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

As solicitudes serán tramitadas de acordo co procedemento de concorrencia competitiva, que non poderá ter unha duración superior aos 5 meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria.

Quinta. *Información ás persoas interesadas*

1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Galega das Industrias Culturais, a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web oficial da Axencia Galega das Industrias Culturais: <http://agadic.gal>
- b) Nos teléfonos 881 99 60 77/881 99 60 78.
- c) No enderezo electrónico agadic@xunta.gal
- d) Persoalmente.
- e) Na Guía de procedementos e servizos administrativos no enderezo:
<http://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012.

3. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

Sexta. *Réxime de recursos*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao de publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

Sétima. *Base de datos nacional de subvencións*

En cumprimento do disposto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2023

Román Rodríguez González
Presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais

ANEXO I

Bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a salas de creación escénica de titularidade privada e convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT402D)

Primeira. *Obxecto, finalidade e principios de xestión*

1. Estas bases teñen por obxecto determinar as condicións de concesión en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións establecidas pola Agadic para impulsar o desenvolvemento da programación de carácter profesional, das salas de artes escénicas de titularidade privada e así fomentar a súa estabilidade e consolidación, e aprobar a convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT402D).

2. Estas axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites do artigo 3 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*. O importe total das axudas *de minimis* concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.



3. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para o mesmo proxecto, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, pero incompatibles con outras para o mesmo proxecto da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ou calquera dos seus organismos dependentes.

No caso de percibirse outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

4. En ningún caso a suma dos importes das axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións, axudas, recursos ou ingresos procedentes doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais supere o 100 % do custo do evento. Nos anexos da presente resolución deberase cubrir a declaración das axudas percibidas polas persoas solicitantes.

5. A xestión destas subvencións realizarase polo procedemento ordinario, en réxime de concorrencia competitiva, e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

Segunda. *Persoas beneficiarias*

1. Poden obter a condición de beneficiarias das subvencións as persoas físicas (autónomas) e persoas xurídicas privadas xestoras de salas de artes escénicas, con domicilio ou sucursal en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea ou asociado ao Espazo Económico Europeo, sempre que se dean as seguintes circunstancias:

- a) A persoa solicitante deberá estar en posesión da correspondente licenza de apertura da sala para poder desenvolver a axuda que solicita.
- b) A sala deberá ter unha capacidade igual ou inferior a 150 localidades.



c) A persoa solicitante deberá acreditar que a sala para a cal solicita a axuda realizou un mínimo de 50 representacións no ano 2023.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias destas subvencións:

a) As asociacións, fundacións ou outras formas xurídicas sen ánimo de lucro, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas que carezan de personalidade xurídica propia, tales como comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado.

b) As persoas ou entidades públicas ou privadas en que conorra algunha das circunstancias ou prohibicións indicadas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Terceira. *Financiamento, contías e límites*

1. O crédito asignado ao financiamento da subvención será de 200.000 euros, suma que ira con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.770 do orzamento xeral da Agadic para o exercicio 2024, código do proxecto 2015-0003.

2. O expediente tramítase como anticipado de gasto e no ano 2023 poderase chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Todos os actos ditados no expediente de gasto regulado por esta resolución se entenderán condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento do ano 2024, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron aqueles.

3. O importe previsto poderá ser incrementado ao longo do exercicio, nos supostos establecidos no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia e tras a declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda e sempre antes da resolución de concesión. Se é o caso, a ampliación de crédito deberase publicar nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

4. Concederase unha dotación máxima de 75.000 euros por entidade beneficiaria co límite do 75 % do orzamento dos gastos subvencionables do proxecto presentado.



Cuarta. Gastos subvencionables

1. Son gastos subvencionables os que, de forma indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do proxecto obxecto de subvención realizados entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024, tales como:

a) Gastos de cachés dos espectáculos que integran a programación.

b) Gastos por servizos asociados á programación, entendendo por estes gastos servizos técnicos e auxiliares e outros de carácter profesional necesarios para levar a cabo o obxecto da subvención.

c) Gastos en dereitos de autor.

d) Gastos en comunicación e publicidade.

e) Gastos en contratación de persoal vinculado ao proxecto.

f) Gastos ata o 20 % do proxecto subvencionable en custos indirectos, tales como alugamentos, subministracións, gastos correntes e de servizos, gastos financeiros, de xestión e seguros recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

De conformidade co número 9 do citado artigo, os custos indirectos sempre que sexan imputados pola persoa beneficiaria á actividade subvencionada faranse de conformidade cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidos e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

2. Non serán subvencionables os gastos relativos:

a) Aos xuros debedores das contas bancarias.

b) Ao imposto sobre o valor engadido, así como os impostos de natureza similar que sexan recuperables pola entidade.

c) A calquera outro non vinculado directamente coa actividade obxecto da subvención.



Quinta. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. No anexo II constarán as seguintes declaracións responsables que se deberán cubrir:

Declaración responsable de ter realizado un mínimo de 50 representacións durante o ano 2023.

Declaración responsable de que a sala ten unha capacidade igual ou inferior a 150 localidades.

Sexta. *Prazo de presentación de solicitudes e emenda*

1. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá a persoa interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, e indicarlle que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa solicitude, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Sétima. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo II) a seguinte documentación:

a) Ficha do proxecto de programación artística (anexo III).

b) Plan económico-financeiro (anexo IV).

c) Plan de comunicación e xestión de públicos coa explicación detallada dos obxectivos, das accións previstas para a fidelización, formación e captación de novos públicos.

d) Escritura de propiedade, contrato de alugamento ou outros documentos válidos en dereito, que amose a dispoñibilidade da sala por parte da persoa solicitante.

e) Licenza municipal de apertura do espazo.

f) Contratos laborais do persoal vinculado ao proxecto.

2. Se a persoa solicitante é unha persoa xurídica, ademais da documentación requirida no punto anterior, deberá presentar:

a) Certificado do acordo de solicitude da axuda.

b) Estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro que corresponda.

c) Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.



De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no punto anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

7. Sen prexuízo do disposto no número 1, a Agadic poderá requirir a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedementos.

Oitava. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á consulta:

– DNI ou NIE da persoa solicitante.



- DNI ou NIE da persoa representante.
- NIF da entidade solicitante.
- Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual.
- Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas coa Comunidade Autónoma.
- Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- Consulta de concesións pola regra *de minimis*.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Novena. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencias contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas



a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Décimo primeira. Instrución do procedemento e avaliación das solicitudes

1. A Dirección da Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndelle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

- a) Examinar as solicitudes e documentación presentadas.
- b) Requirir das persoas solicitantes a emenda ou achega da documentación que resultase de obrigado cumprimento.
- c) Formular a proposta de resolución, debidamente motivada, indicando o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico correspondente a cada unha delas unha vez entregado o informe por parte da Comisión de Avaliación.

2. Co fin de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderánselles pedir datos, información complementaria ou aclaratoria necesaria ás persoas interesadas, así como a persoas profesionais ou expertas na materia e a outros servizos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Dirección da Agadic e as unidades administrativas encargadas da tramitación e seguimento do expediente respectivo poderán comprobar,



en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados, e levarán a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento, e demais actuacións que deriven destas bases. Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas de comprobación que se establezan nesta resolución e na de adxudicación da subvención. Para realizar estas funcións, poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Dirección da Agadic para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución e na restante normativa vixente que resulte de aplicación.

Décimo segunda. *Comisión de Avaliación e criterios de valoración*

1. A Comisión de Avaliación será nomeada pola persoa titular da Dirección da Agadic e estará constituída por:

a) Dúas persoas do cadro de persoal da Agadic, unha das cales asumirá a presidencia.

b) Unha persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretario/a.

A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. Os membros da comisión declararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria anual.

2. Na concesión das subvencións seguirase un procedemento de concorrencia competitiva, en que a Comisión de Avaliación levantará acta e emitirá un informe motivado relacionando os proxectos examinados por orde de prelación, e indicará a puntuación asignada a cada un deles, segundo os criterios de avaliación establecidos na presente convocatoria, aplicados de forma obxectiva. A asignación das contías farase en proporción á puntuación recibida e ao orzamento solicitado, sen exceder os límites establecidos.

3. Os criterios xerais de valoración serán os seguintes:

Craterios automáticos	38 puntos
1. Antigüidade da empresa como xestora da sala para a cal se solicita a axuda	Ata 4 puntos
a) de 2 a 5 anos	1
b) de 6 a 10 anos	2
c) máis de 11 anos	4



2. Capacidade da sala	Ata 2 puntos
a) de 60 a 100 espectadores	1
b) máis de 101 espectadores	2
3. Pertenza da sala á Rede galega de salas no ano anterior	2 puntos
4. Número de funcións que se van realizar	Ata 5 puntos
a) entre 50 e 60 funcións	1
b) entre 61 e 75 funcións	3
c) máis de 75 funcións	5
5. Programación de compañías galegas	Ata 7 puntos
a) entre o 20 % e 40 % do total das compañías programadas	1
b) entre o 41 % ao 60 % do total das compañías programadas	3
c) máis do 61 % do total de compañías programadas	7
6. Número de días con actividade aberta ao público	Ata 5 puntos
a) entre 51 e 70 días	1
b) entre 71 e 100 días	3
c) máis de 101 días	5
7. Actividades complementarias: fomento de novos creadores, programas formativos e programas de colaboración con centros	Ata 3 puntos
a) entre 3 e 5 actividades	1
b) máis de 5 actividades	3
8. Cadro de persoal implicado no proxecto con contrato laboral no momento da solicitude	Ata 5 puntos
a) ata 2 persoas traballadoras	1
b) entre 3 e 4 persoas traballadoras	3
c) máis de 4 persoas traballadoras	5
9. Porcentaxe de subvención solicitada con respecto ao orzamento do proxecto	Ata 5 puntos
a) ata o 30 %	5
b) máis do 30 % ata o 50 %	3
c) máis do 50 % ata o 75 %	1
Criterios técnicos	9 puntos
1. Plan de financiamento proposto	Ata 3 puntos
2. Plan de comunicación e xestión de públicos	Ata 6 puntos
a) Obxectivos do plan de comunicación	Ata 2 puntos
b) Accións previstas para a fidelización de público	Ata 2 puntos
c) Accións prevista para a formación e captación de novos públicos	Ata 2 puntos

A concesión de axudas requirirá unha puntuación mínima que, en ningún caso, pode ser inferior a 25 puntos.

Décimo terceira. *Resolución da convocatoria*

1. Instruído o procedemento, o órgano instructor, á vista do expediente da documentación requirida e unha vez entregado o informe preceptivo por parte da Comisión de Valoración,



ditará a proposta de resolución indicando o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas, que elevará á Presidencia do Consello Reitor da Agadic.

2. A Presidencia do Consello Reitor da Agadic deberá ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

A citada resolución deberase ditar e notificar no prazo máximo de cinco meses, contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria pública no *Diario Oficial de Galicia*, será motivada e fará mención expresa das persoas beneficiarias e da contía da axuda e o seu carácter de axuda *de minimis* en aplicación do Regulamento (UE) nº 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis*.

Se transcorre o prazo máximo para resolver sen terse ditado resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Décimo cuarta. *Notificacións de resolucións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado



enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo quinta. *Aceptación da axuda*

1. Unha vez notificada a resolución, a entidade beneficiaria comunicará á Agadic a aceptación por escrito da subvención concedida no prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. Transcurrido este prazo sen comunicarse esta aceptación ou sen producirse manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada.

2. A entidade beneficiaria deberalle remitir á Agadic a memoria económico-financeira adaptada á subvención concedida, só no suposto de que a subvención recibida sexa inferior á solicitada e, como máximo, pola diferenza entre ambas as cantidades. Esta documentación deberase remitir no prazo máximo de 10 días hábiles, contados desde a notificación da resolución de concesión.

Décimo sexta. *Xustificación da subvención*

1. As entidades beneficiarias terán que xustificar a totalidade do custo do proxecto a través dunha conta xustificativa que deberá incluír todos os gastos vinculados á programación e proxecto presentado, e o prazo de xustificación remata o día 15 de novembro de 2024.

2. Os gastos xustificados deberán responder, de maneira indubidable, á natureza da actividade subvencionada e ter correspondencia clara coas partidas do orzamento aceptadas pola Axencia Galega das Industrias Culturais na resolución de concesión da subvención ou coas modificacións, de ser o caso, autorizadas.

3. Só se considerará gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.



4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exigencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso, ditarase a oportuna resolución nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. As entidades beneficiarias deberán entregar a seguinte documentación:

a) Memoria xeral da actividade realizada, segundo o orzamento presentado.

b) Balance de ingresos e gastos (anexo V).

c) Relación completa dos gastos realizados, polo importe total do orzamento presentado dos gastos de explotación (anexo VI).

d) Documentación xustificativa dos gastos de persoal: incluíranse nesta partida os gastos derivados do pagamento de retribucións ao persoal vinculado á empresa mediante contrato laboral, fixo ou eventual, así como as retribucións dos socios traballadores da empresa. Incluíranse, igualmente, as cotas de seguros sociais a cargo da empresa. Achegaranse as nóminas individuais, os xustificantes do ingreso na Facenda pública das cantidades retidas á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes aos contratos formalizados, de acordo coas porcentaxes de retención legalmente establecidas, así como, se é o caso, os documentos de cotización e os xustificantes de pagamento das cotas da Seguridade Social correspondentes aos ditos contratos.

e) Copia dos xustificantes dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, así como do seu pagamento bancario mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa beneficiaria por importe igual ou superior á subvención concedida, de conformidade co disposto no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións.

f) Unha copia en calquera formato electrónico dos soportes visuais, gráficos ou sonoros (catálogos, programas, carteis, vídeos, etc.) empregados para a difusión e promoción da actividade subvencionada; esta documentación poderase achegar igualmente por vía electrónica ou telemática e para os únicos efectos da comprobación da realización da actividade.



g) Declaración de axudas: relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras administracións públicas, así como declaración das axudas concedidas en réxime *de minimis* durante os tres últimos exercicios (anexo VII).

Cando a persoa beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables en que incorrese nas súas operacións comerciais deberán ser aboados nos prazos de pagamento previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Cando á persoa beneficiaria se outorgue a subvención por importe superior a 30.000 euros e sexa un suxeito dos incluídos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, terá que cumprir os prazos de pagamento establecidos no punto anterior, circunstancia que se acreditará pola presentación da conta de perdas e ganancias abreviada, e no suposto de que non poida presentala acreditarase o cumprimento dos prazos legais de pagamento coa certificación dun auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

Décimo sétima. *Pagamento da subvención*

1. O pagamento da axuda farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase sempre e cando se acredite que a actividade foi executada de acordo co proxecto presentado e se xustifique correctamente o seu emprego, todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos anticipados ou pagamentos á conta, para o cal se observará o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que esta minoración, debidamente xustificada pola entidade beneficiaria, non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

3. Para a realización dos pagamentos anticipados ou pagamentos á conta, as persoas beneficiarias estarán exoneradas de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en aplicación da excepción prevista no artigo 67.4 desta.



Décimo oitava. *Pagamentos anticipados*

1. As persoas beneficiarias, unha vez ditada a resolución de concesión da subvención, poderán solicitar un anticipo de ata o 80 % da subvención concedida, ao abeiro do disposto no artigo 63.3 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que prevé a excepcións de modificar as porcentaxes sinaladas no artigo 63.2, logo de autorización do Consello da Xunta de Galicia. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

2. As persoas beneficiarias no incluídas nos supostos de exención do artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que reciban pagamentos anticipados quedan exoneradas da constitución de garantía, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que establece que o Consello da Xunta poderá eximir da obriga da súa constitución.

Décimo novena. *Pagamentos á conta*

1. As persoas beneficiarias poderán solicitar pagamentos á conta ata un 80 % da subvención concedida sen que superen as cantidades previstas para cada anualidade, respondendo ao ritmo de execución do proxecto obxecto da subvención e logo da xustificación dos gastos conforme o establecido nestas bases para a xustificación.

2. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada e estará exento da constitución de garantía, de conformidade co disposto nos artigos 62.2 e 64.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Vixésima. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias da subvención adquiren os seguintes compromisos e obrigas, de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da presente convocatoria:

a) Cumprir o obxectivo e realizar a actuación subvencionada, de conformidade co proxecto presentado ou, se é o caso, co modificado coa autorización da Agadic.

b) Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, a persoa benefi-



ciaría deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

c) En canto á subcontratación, observarase o disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, control e inspección que efectúe o órgano concedente e ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, e conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e de conformidade co procedemento recollido no artigo 23 e concordantes da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións públicas ou entes públicos autonómicos, nacionais ou internacionais, así como calquera outra modificación das circunstancias que no seu día foron tidas en conta para a súa concesión, e dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas beneficiarias. Esta comunicación deberase efectuar no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención. Tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore debe facerse mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

g) Inscribir a programación da sala na plataforma de xestión www.galescena.gal, nos prazos establecidos pola Axencia.



2. O incumprimento dos anteriores deberes previstos e das obrigas por parte dos adxudicatarios dará lugar á exixencia das responsabilidades ou sancións previstas no título IV da indicada Lei galega 9/2007, sen prexuízo do disposto no artigo 24 destas bases.

Vixésimo primeira. *Modificación da resolución*

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais ten a facultade de revisar as axudas concedidas e modificar a resolución de concesión no caso de alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

2. As persoas beneficiarias teñen a obriga de solicitar á Agadic a autorización de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o proxecto subvencionado. Para que tales modificacións poidan ser tidas en conta na xustificación deberán ser previamente aceptadas pola Agadic. As alteracións non autorizadas, ou non solicitadas, poderán dar lugar á minoración da subvención concedida ou á súa revogación.

3. Permitiranse, sen necesidade de autorización previa polo órgano concedente, incrementos que non superen o 20 % nas partidas de gastos dos conceptos subvencionables de axuda que figuren na resolución de concesión, sempre que se compensen con diminucións doutros, que non afecten custos de persoal, que non se supere o límite do 7 % para os gastos xerais e que non se altere o importe total da anualidade e da axuda no seu conxunto. A persoa beneficiaria deberá acreditar, debidamente, o cambio na documentación de xustificación presentada.

4. Non se aceptarán modificacións que afecten os requisitos para poder optar ás subvencións exixidos na base terceira desta resolución.

5. En canto ao resto das modificacións solicitadas, a Agadic poderá acordar, de xeito motivado, a modificación da resolución de concesión, coa minoración proporcional derivada das alteracións.

Vixésimo segunda. *Incumprimento, reintegro e sancións*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará



lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:

- a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.
- b) Non comunicar á Agadic a obtención doutras subvencións ou axudas para o mesmo custo subvencionable.
- c) Non comunicar á Agadic a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención.
- d) Non xustificar ante a Agadic o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
- e) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Agadic, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- f) Non dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso.
- g) Non acreditar estar ao día nas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma.

4. Procederá a perda parcial do cobramento da subvención por incumprimento parcial, entendendo por este sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas. A Agadic poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese



a condición incumprida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

– No caso de condicións referentes á contía da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción e os seus xuros de demora.

– No caso de incumprimento dalgunha das obrigas específicas das persoas beneficiarias establecidas na base vixésimo segunda reducirase un 2 % por cada incumprimento o importe da subvención e, se o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

5. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Vixésimo terceira. *Normativa aplicable*

A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto nesta resolución pola que aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións establecidas pola Agadic para impulsar o desenvolvemento da programación de carácter profesional das salas de artes escénicas de titularidade privada; á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, e supletoriamente á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como aos preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; á Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia; á Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, e ao Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, que a desenvolve, modificado polo Real decreto 1090/2020, do 9 de decembro, e demais normativa de xeral aplicación.



Vixésimo cuarta. *Réxime de recursos*

A convocatoria destas axudas, as súas bases, as resolucións de concesión e todos cantos actos administrativos deriven dela poderán ser impugnados interpoñendo os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante os xulgados co contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase o director da Axencia Galega das Industrias Culturais para que leve a cabo as actuacións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIÓNS A SALAS DE ARTES ESCÉNICAS DE TITULARIDADE PRIVADA	CT402D	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
DATA DE ALTA NO IAE		EPÍGRAFE					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	
NOME DO PROXECTO PARA O CAL SE SOLICITA SUBVENCIÓN	
<input type="text"/>	
ORZAMENTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:	
1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:	
<input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.	
<input type="radio"/> Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:	
ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 30 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT402D).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

FICHA DO PROXECTO DE PROGRAMACIÓN ARTÍSTICA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ESPAZO ESCÉNICO		
ANTIGÜIDADE DA EMPRESA COMO XESTORA DO ESPAZO <input type="text"/>	CAPACIDADE DA SALA <input type="text"/>	PERTENZA Á REDE GALEGA DE SALAS-RGS <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

RESUMO DO PROXECTO		
ORZAMENTO DO PROXECTO <input type="text"/>	SUBVENCIÓN SOLICITADA Á AGADIC <input type="text"/>	NÚMERO DE FUNCIÓNS QUE SE VAN REALIZAR (EXCLUÍDAS AS DA RGS) <input type="text"/>
NÚMERO DE DÍAS CON ACTIVIDADE DE CALQUERA TIPO ABERTA AO PÚBLICO <input type="text"/>	Nº TOTAL DE COMPAÑÍAS PROGRAMADAS <input type="text"/>	PORCENTAXE DE COMPAÑÍAS GALEGAS PROGRAMADAS <input type="text"/>
NÚMERO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PERTENCENTES A PROGRAMAS DE FOMENTO DE NOVOS/AS CREADORES/AS, FORMATIVOS OU DE COLABORACIÓN CON CENTROS DE ENSINO <input type="text"/>	NÚMERO DE PERSOAS TRABALLADORAS CON CONTRATO LABORAL VINCULADAS AO PROXECTO <input type="text"/>	

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PROGRAMACIÓN					
Espectáculo	Compañía	Procedencia da compañía	Prezo das entradas	Condicións de contratación do espectáculo: a billeteira, a caché, mixta...	Data da función (en caso de non estar pechada a data, indíquese data aproximada)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS			
PROGRAMA FOMENTO DE CREADORES			
Denominación da actividade	Datas	Descrición da actividade	Público a que vai dirixida
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROGRAMA FORMATIVO			
Denominación da actividade	Datas	Descrición da actividade	Público a que vai dirixida
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROGRAMA COLABORACIÓN CON CENTROS DE ENSINO			
Denominación da actividade	Datas	Descrición da actividade	Centro de ensino
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



RECURSOS HUMANOS VINCULADOS AO PROXECTO (contratación laboral + persoas socias traballadoras)		
Nome e apelidos	NIF	Categoría laboral/vinculación

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Axencia Galega das Industrias Culturais



2. ORZAMENTO DE INGRESOS	
A. SUBVENCIÓN SOLICITADA Á AGADIC	IMPORTE
TOTAL (A)	
B. AXUDAS DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	IMPORTE
TOTAL (B)	
C. FONDOS E RECURSOS PROPIOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	IMPORTE
TOTAL (C)	
D. PATROCINIOS PRIVADOS	IMPORTE
TOTAL (D)	
TOTAL INGRESOS	IMPORTE
TOTAL (A+B+C+D)	

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Axencia Galega das Industrias Culturais



2. INGRESOS	
A. SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA AGADIC	IMPORTE
TOTAL (A)	
B. AXUDAS DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	IMPORTE
	+
	-
TOTAL (B)	
C. FONDOS E RECURSOS PROPIOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	IMPORTE
	+
	-
TOTAL (C)	
D. PATROCINIOS PRIVADOS	IMPORTE
	+
	-
TOTAL (D)	
TOTAL INGRESOS	IMPORTE
TOTAL (A+B+C+D)	

SALDO DE INGRESOS E GASTOS
INGRESOS - GASTOS <input type="text"/>

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

Axencia Galega das Industrias Culturais



ANEXO VI

RELACIÓN COMPLETA DOS GASTOS REALIZADOS

CT402D - SUBVENCIÓNS A SALAS DE ARTES ESCÉNICAS DE TITULARIDADE PRIVADA

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

En relación coa subvención concedida, **CERTIFICA** que estes gastos se corresponden coa actividade subvencionada.

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME/RAZÓN SOCIAL	<input type="text"/>
PROXECTO	<input type="text"/>

A. GASTOS DE PERSOAL					
Persoa traballadora	Mes	Bruto	S.S. Empresa	Total	
					+
					-
					-
					-
TOTAL GASTOS DE PERSOAL					

B.1. ALUGAMENTOS						
Nº orde	Data	Provedor	Descrición do gasto	Importe sen IVE	Importe con IVE	
						+
						-
						-
						-
TOTAL GASTOS						

B.2. SUBMINISTRACIÓNS, EQUIPAMENTOS TÉCNICOS						
Nº orde	Data	Provedor	Descrición do gasto	Importe sen IVE	Importe con IVE	
						+
						-
						-
						-
TOTAL GASTOS						

B.3. GASTOS CORRENTES E DE SERVIZOS						
Nº orde	Data	Provedor	Descrición do gasto	Importe sen IVE	Importe con IVE	
						+
						-
						-
						-
TOTAL GASTOS						

CVE-DOG: yp0t3vc5-spt5-wtw7-g8i2-sffxrvh017



B.4. SEGUROS						
Nº orde	Data	Provedor	Descrición do gasto	Importe sen IVE	Importe con IVE	+
TOTAL GASTOS						

B.5. GASTOS DE XESTORÍA						
Nº orde	Data	Provedor	Descrición do gasto	Importe sen IVE	Importe con IVE	+
TOTAL GASTOS						

B.6. GASTOS FINANZEIROS						
Nº orde	Data	Provedor	Descrición do gasto	Importe sen IVE	Importe con IVE	+
TOTAL GASTOS						

C.1. REMUNERACIÓN POR ESPECTÁCULOS						
Nº orde	Data	Provedor	Descrición do gasto	Importe sen IVE	Importe con IVE	+
TOTAL GASTOS						

C.2. GASTOS POR SERVIZOS ASOCIADOS Á PROGRAMACIÓN						
Nº orde	Data	Provedor	Descrición do gasto	Importe sen IVE	Importe con IVE	+
TOTAL GASTOS						

C.3. DEREITOS DE AUTOR						
Nº orde	Data	Provedor	Descrición do gasto	Importe sen IVE	Importe con IVE	+
TOTAL GASTOS						



DECLARACIÓN DE AXUDAS

CT402D - SUBVENCIÓNS A SALAS DE ARTES ESCÉNICAS DE TITULARIDADE PRIVADA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

 2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de
